



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará na Casa do Concello, o vindeiro **XOVES**, día **16 de FEBREIRO/2023 ás 9 HORAS e 30 MINUTOS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobar a delegación na Deputación Provincial da Coruña da contratación das actuacións para recuperación e posta en valor das baterías militares de Campelo (Valdovíño).

2º.- Aprobar o Plan de medidas antifraude do Concello de Valdovíño.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE